

OS ECOSISTEMAS

No noso planeta hai espazos naturais moi diferentes: bosques, desertos, ríos, pradarias, lagos... Cada un destes espazos é un ecosistema.

Un ecosistema está formado por dous compoñentes:



- **Os seres vivos.** Son o conxunto de animais, plantas e outros seres vivos que habitan nese lugar.



- **O medio físico.** É o espazo onde habitan eses seres vivos. A terra, a auga, o aire e as rochas forman parte do medio físico.



Hai ecosistemas de gran tamaño, como a selva, e outros máis pequenos, como unha lagoa.



ECOSISTEMAS TERRESTRES E ACUÁTICOS:

Os ecosistemas poden ser: terrestres ou acuáticos.

– Ecosistemas terrestres:

No **bosque**, as árbores e os arbustos serven de refuxio e proporcionan alimento ós animais.



As **pradarías** son grandes extensións de herba. Nelas viven os grandes animais herbívoros.



Nos **desertos** a auga é moi escasa, polo que nestes ecosistemas habitan poucos seres vivos.



– **Ecosistemas acuáticos:**

Os **ecosistemas de auga salgada** encóntranse no mar.



Os **ecosistemas de auga doce** encóntranse nos ríos e lagos.

A VIDA NOS ECOSISTEMAS:

Os seres vivos dun ecosistema dependen uns dos outros para alimentarse. Por exemplo, os coellos son herbívoros e aliméntanse de herba, e os raposos, que son omnívoros, comen coellos. Estes tres seres vivos forman unha cadea alimentaria. Os seres vivos dun ecosistema colaboran e axúdanse entre si. Por exemplo, os ñus desprázanse en grupo para se protexeren dos ataques dos leóns. Algunhas actividades humanas danan os ecosistemas: a corta excesiva de árbores, a acumulación de lixo, algunhas fábricas que ensucian o aire e a auga...

1) Escribe V (verdadero) ou F (falso):

- Un ecosistema sempre está habitado por seres vivos.
- Un ecosistema está formado só por animais e plantas.
- As plantas forman parte do medio físico dun ecosistema.
- Na Terra existen moitos ecosistemas diferentes.

2) Para que se protexen algúns ecosistemas? Marca.

- Para conservar as paisaxes naturais.
- Para coidar os seres vivos que habitan alí.
- Para conservar as construcións que fixeron as persoas.
- Para evitar actividades humanas que poidan danar o ecosistema.

3) Que representa unha cadea alimentaria? Marca a opción correcta.

- Como colaboran entre si os seres vivos dun ecosistema.
- De que se alimenta cada ser vivo dun ecosistema.


4) Observa e marca as características deste ecosistema.

Predomina a terra firme.

Predomina a auga.

É auga salgada.

É auga doce.



5) Que tipo de ecosistema é cada un? Une.

Ecosistemas terrestres

Ecosistemas acuáticos



6) Por que as gaivotas viven preto do mar? Marca.

Porque o seu principal alimento son os peixes.

Porque lles gusta refrescarse na auga.

Porque fan os niños nas rochas costeiras.